



CONCELLO DE MUXIA

(A Coruña)

Unha recente sentenza do Tribunal Supremo recaída no Recurso contencioso-advo presentado por Dna Isabel Alonso García, contra a Orde da Xunta pola que se aprobou o PXOM deste Concello, anula o mencionado Plan.

Esta Alcaldía quere comunicar aos vecinos e veciñas de Muxía que por parte do Concello se está revisando a situación urbanística de Muxía á luz desta sentenza para tratar de desbloqueala o antes posible. É a nosa intención instar ante a Xunta de Galicia o inicio do procedemento que corresponda para poder dispoñer dunha normativa actualizada e adaptada ás necesidades de Muxía, á maior brevidade posible.

Ata que isto non se produza, serán as NNSS de Planeamento Municipal do ano 1996, a Lei 2/2016, O regulamento da Lei do Solo de Galicia e o Plan básico autonómico, a normativa aplicable ás solicitudes de licenza que se presenten no Concello.

Esta Alcaldía quere tamén manifestar que compartíu no seu momento e segue a compartir actualmente a opinión da Xunta na tramitación do PXOM de Muxía e o seu non sometemento á Evaluación Ambiental Estratéxica (base do recurso contencioso).

As veces, as interposicións de demandas contra decisión das AAPP disfrazáanse de salvación de cuestións medioambientais cando as verdaderas razóns son só de intereses particulares, lexítimos, pero individuais e , como neste caso, dan ao traste con determinacións urbanísticas aprobadas polos lexítimos tamén, representantes dun pobo, con total desprezo polos anos de traballo, o esforzó e o diñeiro público invertido nestes procesos.


Todo o acaecido supón inseguridade xurídica e un paso atrás no concepto de ordenación do territorio adecuada aos tempos e crecemento urbanístico controlado.

Esta Alcaldía fará todo o que estea na súa mán para solucionar o antes posible, a situación derivada da sentenza que ,como non pode ser doutra maneira, acátase con total respecto .

Muxía, 19 de novembro de 2020.

O Alcalde.

Santiago M Toba Campaña.



Fin do camiño